

RÚA CONCEPCIÓN ARENAL



Claudia Salgado Negral 2º A

ÍNDICE

- .3- Quen foi?
- .4- Por que é coñecida?
- .5- Onde viviu?
- .6- Unha muller moi audaz
- .7- Na actualidade
- .8- Monumentos dedicados á súa figura
- .9- A rúa en Chantada

QUEN FOI?

.Concepción Arenal foi unha das pioneiras do feminismo no noso país e desenvolveu unha ampla obra literaria, na que pedía unha reforma do sistema penitenciario, unha visión da muller como igual ao home, non só como unha esposa, ama de casa e nai, e unha consideración da clase social obreira, aínda que ela pertencía a unha familia economicamente ben posicionada.

POR QUE É COÑECIDA?

• Concepción Arenal empezou escribindo libros, como *Historia dun corazón* e *Fábulas en verso*. Máis tarde, comezaron a facerse famosas as súas críticas, á inxustiza social daquel tempo, particularmente contra á marxinação da muller, o sistema penitenciario e a condición obreira, fundamento dunha reforma católica.


• En 1862, publicou *Manual do visitador do preso* e, dous anos despois, foi nomeada visitadora oficial dos cárceres de mulleres. Tamén desenvolveu unha ampla obra escrita, na que reflexionaba sobre temas como a orientación do dereito penal, defendendo que non deberían castigar aos delincuentes, senón axudalos a reformarse e rectificar.

ONDE VIVIU?


.Concepción Arenal naceu en Ferrol, e con nove anos mudouse a Armaño coa súa nai e as súas irmás. Asistiu en Madrid ás clases como oínte, vestida de home, e estudou alí.

.Cando morreu o seu marido ela trasladouse a Potes.

.Faleceu en Vigo.



UNHA MULLER MOI AUDAZ




.Sen dúbida, Concepción era unha muller forte que demostrou unha grande valentía, disfrazándose de home para ir ás aulas ou alzando a súa voz nunha época onde as mulleres non tiñan dereito para facer nada máis que ser amas de casa.

NA ACTUALIDADE

•Agora, Concepción é lembrada como unha magna muller, e existen numerosas rúas que levan o seu nome, ademais de varios monumentos dedicados á súa figura. A Rtve fixo unha película sobre ela, titulada *A visitadora de cárceres*, recoñecemento que gañou por visitar numerosos centros penitenciarios co fin dunha reforma no sistema.



MONUMENTOS DEDICADOS Á SÚA FIGURA



A RÚA EN CHANTADA

•A rúa que leva o nome desta gran muller, a rúa de Concepción Arenal, é unha das poucas de Chantada que leva o nome dunha dona, pois a maioría noméanse en honra a homes.

